

Mércores, 11 de outubro de 2017

Núm. 196

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATO MAIOR PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO "VIGO EN INGLÉS 2018"

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA "VIGO EN INGLÉS 2018".

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Educación. Nº expediente: 19.872-332.

2. Obxecto do contrato: descrición: xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "Vigo en Inglés 2018" para a mellora da competencia lingüística en inglés de estudantes de 4º da ESO matriculados en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

Lugar de execución: Vigo e High Schools e familias de acollida de Inglaterra.

Prazo de execución: 2 anos. Prórroga: dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda por un período máximo de 9 meses, debendo finalizar o contrato o día 31 de decembro de 2021

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Presuposto base: 3.528.000,00.- euros. (contrato exento de IVE)

5. Garantías esixidas. a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación

Código seguro de verificación: Y90PKNKXNLQQ7Q6L



Mércores, 11 de outubro de 2017

Núm. 196

que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato coas seguintes particularidades:

— Os servizos ou traballos realizados nos cinco últimos anos deberán consistir necesariamente na prestación de programas de inmersión e integración lingüística en centros escolares estranxeiros en período lectivo escolar, similares ó que é obxecto deste contrato.

— Os licitadores deberán presentar documentación demostrativa de que os centros escolares de destino ou High Schools en Inglaterra propostos están autorizados e recoñecidos polos organismos oficiais competentes de cada país, e acreditar fidedignamente que estarán a disposición do licitador no caso de resultar adxudicatario. Dita documentación, a efectos de poder ser valorada, deberá ser achegada polo licitador, acompañada dunha tradución literal e fidedigna do seu contido.

8. Presentación de Ofertas: Prazo: o prazo rematará o 31 de outubro de 2017.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: sí.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e conómica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 19 de setembro de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: Y90PKNKXNLQ07Q6L

